



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

BANDO

MEDIDAS COVID-19 URXENTES E DE ÚLTIMA HORA

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA
INFORMA QUE:

Vista a situación epidemiolóxica da Comarca do Xallas, a Consellería de Sanidade publicou onte a tarde-noite as seguintes medidas de prevención específicas para o Concello de Santa Comba coa finalidade de facer fronte aos brotes e ás cadeas de transmisión existentes para garantir a súa contención, que se aplicarán dende as 00:00 horas do día 3 de setembro de 2020 e que son as seguintes:

-Restricción respecto ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para non conviventes á hora de desenvolver calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados,

-Peche de feiras, actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

-Permanecerán pechados centros de atención diurna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e centros ocupacionais e casas do maior (agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa). Suspendense as visitas e saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade.

Limitacións

Velatorios, enterros e lugares de culto: Os velatorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, cun límite máximo en cada momento de 25 persoas en espazos ao aire libre e de 10 persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes. A participación na comitiva de soterramento ou cremación, restrínxese a un máximo de 25 persoas entre familiares e próximos. Os lugares de culto non poderán superar o 50% da súa capacidade, publicada en lugar visible. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto e evitar as aglomeracións ás entradas e as saídas.

Ceremonias nupciais e outras ceremonias relixiosas ou civís: As celebracións que poidan ter lugar nos establecementos de hostelería e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total cun límite máximo de 100 persoas en espazos ao aire libre e de 50 persoas en espazos pechados.

Establecementos e locais comerciais minoristas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público: Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total, establecerán medidas para manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros, ou no seu defecto, a utilización de medidas alternativas e o uso obrigatorio de mascarillas, aínda mantendo a distancia de seguridade interpersoal.

Deberán prestar un servizo de atención preferente ás persoas maiores de 75 anos e indicalo en lugar visible.

Establecementos de hostelería e restauración: Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na/s mesa/s, asegurando a distancia mínima interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

As terrazas ao aire libre limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa/s, asegurando a distancia mínima interpersoal entre clientes.

Pecharán non máis tarde da unha da madrugada sin que se poida permitir o acceso de ningún cliente dende as 00.00 horas.

Hoteis, aloxamentos turísticos e albergues: A ocupación das zonas comúns non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. As actividades de animación terán unha capacidade máxima de 10 persoas, incluíndo aos monitores e deberán establecer as medidas para garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición, monumentos e outros equipamentos culturais: Non poderá superarse o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, garantindo a distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Cines, teatros, auditorios, circos e/ou espazos similares: Deberán respetar o 50% da súa capacidade permitida en cada sala cun límite máximo de 60 persoas para lugares pechados e de 150 persoas si se trata de actividades ao aire libre, que poderán ser ampliados tra-la autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Centros de Ocio Infantil: Poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o protocolo en materia de ocio infantil e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

Actividades e instalacións deportivas: A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de 10 persoas de xeito simultáneo.

Limitación de aforo para outros locais ou establecementos comerciais: Non poderán superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida, respetando un máximo de 60 persoas para lugares pechados e de 150 persoas para actividades ao aire libre, agás os establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, perruquerías, prensa e papelería, combustible para a automoción, estacos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico, tintorerías e lavanderías.

En caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estiveran concertados con carácter previo ao 2 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen anteriormente, si ben deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos, á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas o efectuar as recomendacións pertinentes.

Recomendacións:

-Persoas maiores de 75 anos, persoas vulnerables ao COVID-19 e as que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poidan ver agravadas polo uso da mascarilla ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización; que eviten as saídas en horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público.

-Uso obrigatorio de mascarillas en todas as circunstancias. Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga nos mesmos.

-Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

-Obrigas de cautela e protección.

-Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esberrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.

-Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfacto e gusto, diarrea, etc), quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico de Atención Primaria e gardar a corentena ou condicións de aillamento de se-lo caso.

Santa Comba, 3 de setembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García